



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal

ANÁLISE LEGAL E XURÍDICA DA SITUACIÓN DAS PERSOAS ADICADAS PROFESIONALMENTE Á ESCRITA DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

Ania González Castiñeira
J. R. PÉREZ CAAMAÑO ABOGADOS



Libro branco da
Asociación de Escritoras e Escritores
en Lingua Galega

**ANÁLISE LEGAL
E XURÍDICA DA SITUACIÓN
DAS PERSOAS ADICADAS
PROFESIONALMENTE Á ESCRITA
DESDE UNHA PERSPECTIVA
DE XÉNERO**

O presente informe redáctase por solicitude da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) con motivo da súa inclusión no Libro Branco das Escritoras e Escritores co obxecto de realizar unha análise legal e xurídica da situación das persoas adicadas profesionalmente á escrita desde unha perspectiva de xénero.

A primeira cuestión á que se desexa atender é a diversidade das identidades de xénero implicadas na vida cultural en Galicia, en concreto no ámbito da creación literaria, sen que sexa posible reducir o alcance da perspectiva de xénero á identidade feminina ou á categoría biopolítica de *muller*, antes ben será necesario abrir dita perspectiva a cantas identidades conviven hoxe concernidas pola identificación, o combate e o desmantelamento das violencias estruturais e relacións de poder sostidas polo sistema heteropatriarcal ou empregando a categoría proposta polo filósofo Paul B. Preciado no seu último ensaio político-filosófico *Dysphoria mundi*¹, o actual réxime “petrosexorracial”. Doutro xeito estaríamos a contribuír á proliferación da separación binaria entre home e muller así como á invisibilización doutras identidades plurais dentro do amplo espectro da identidade de xénero como son as persoas queer, homosexuais, intersexuais ou transexuais, reproducindo así, o que se cabe é máis grave, a violencia estrutural que desde as institucións, o mercado, a cultura e os medios se exerce contra os nosos dereitos fundamentais en tanto que persoas diversas legal e lexitimamente iguais.

Di a poeta Antía Otero nunha entrevista recente²: *“Por veces sinto que se está a crear unha nova burbulla ao redor da literatura escrita por mulleres. Déixase caer que as autoras estamos a copalo todo. Non é certo, os números están aí e non enganan, pero é interesante ver como no actual estado das cousas calquera repunte da presenza das mulleres é entendido dese xeito.”*

Non podemos, como dicíamos, dar por cumpridas as obrigas constitucionais en materia de igualdade, acceso á cultura e liberdade fundamental de produción e creación literaria desde unha perspectiva de xénero coa mera incorporación das mulleres ao mundo cultural feita desde arriba e mediante modelos económicos que seguen a perpetuar unha clara posición de dominio radicalmente patriarcal. Sobre estas cuestións e antes de atender aos instrumentos xurídicos que nos asisten para a defensa dos nosos dereitos desde unha perspectiva interseccional, queríamos destacar algunhas das interesantes reflexións que ao respecto se atopan na publicación “As identidade(s) de xénero(s) na cultura galega: unha achega interdisciplinaria”.³

As profesoras e investigadoras Maria Boguszewicz, Ana Garrido González e Dolores Vilavedra Fernández, entre outras, analizan nesta publicación editada pola Universidade de Varsovia a incidencia do xénero no ámbito da poesía e da narrativa e para iso destacan, entre outras materias, a produción poética e recepción crítica da poesía galega de corte erótico, pornográfico e de amor publicada nos primeiros anos 2000. Así obras como as das autoras Manuel Pereira Valcárcel, Antom Fortes Torres, Lucía Novas ou Lupe Gómez serven ás autoras para analizar as voces literarias que foxen dunha identificación ou marca de xénero concreta utilizando a ferramenta poética como un silencio

¹ Preciado, B. Paul, *Dysphoria mundi*. Ed. Anagrama, 2022

² Otero, Antía. Praza Pública. Data consulta 12/12/2022:
[<https://praza.gal/cultura/deixase-caer-que-as-autoras-estamos-a-copalo-todo-non-e-certo>]

³ “As identidade(s) de xénero(s) na cultura galega: unha achega interdisciplinaria” Maria Boguszewicz, Ana Garrido González e Dolores Vilavedra Fernández; Varsovia 2018. Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos da Universidade de Varsovia.

performativo.

Sen embargo, atopan as investigadoras que este silencio enmascara na mesma medida que dificulta a transmisión de mensaxes máis transgresoras e rupturistas co canon hexemónico da sexualización das autoras e das personaxes literarias. Outras poetas como Chus Pato cítanse neste interesante estudo como creadoras dunha linguaxe que serve de ferramentas para a desmontaxe dun relato e, por que non dicilo, dun sistema literario patriarcal de tradición milenaria.

Así como na poética, as autoras tratan tamén a presenza na narrativa galega de temas como o lesbianismo, por exemplo, apreciando un claro retroceso que con pequenas excepcións fai case imposible din, rastrexar o propio concepto na bibliografía teórica ao redor da literatura galega. Este silencio na crítica e na produción teórica segue a perpetuar unha desigualdade que atenta contra os principios de dereito que rexen a nosa convivencia social. As escritoras, en toda a súa diversidade de identidades de xénero, raza e estatus social, seguen sendo obxecto, conclúe o estudo, de violencias simbólicas diversas. Dende logo, para as lectoras en lingua galega, a diversidade e as identidades disidentes ou non hexemónicas son unha fonte de atracción, se ben a súa posta en valor depende aínda dun concreto sistema que se ampara a maioría das veces nun silencio pseudohomoxeneizante.

O ámbito literario garda unha estreita relación co ámbito educativo, sendo ademais como é unha obriga legal velar por evitar a reprodución do estándar de xénero patriarcal e de orientación sexual heteronormativa no ámbito educativo. A literatura, neste sentido, ten unha importancia fundamental, xa que é unha ferramenta de transmisión de valores e modelos para a nosa comunidade. Así pois, a implicación da lingua e da literatura galega no proxecto de inclusión e creación constituínte de novas realidades máis inclusivas e diversas faise indispensable.

Non en van, a violencia cultural, tal e como conclúe o estudo das docentes e investigadoras antes citadas, é unha das violencias máis complexas de desenmascarar, pois adoita agocharse tras ideoloxías mantidas, reproducidas e normalizadas polo sistema durante extensos períodos temporais. Tan só a través do descubrimento e da denuncia activa deste tipo de violencias é posible traballar para acabar con elas. A literatura preséntasenos, pois, como unha ferramenta perfecta para a reflexión así como para a acción.

Entre as fontes de dereito que definen as obrigas públicas e sociais en materia de igualdade e de xénero no ámbito internacional, nacional e autonómico podemos destacar as seguintes:

A Declaración Universal de Dereitos Humanos na que literalmente no seu artigo 2.1 se di: *“Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, **sexo**, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”.*

No ámbito europeo, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, no seu artigo 21, di: *“Prohíbese toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicas ou sociais, características xenéticas,*

*lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou **orientación sexual***”.

Por tanto, aínda que pareza obvio dicilo, a discriminación que efectivamente supón a ausencia ou baixa representación de autoras con marcas de xénero diversas no mundo da literatura, nos certames e contratos públicos así como privados, na oferta editorial, nos actos e eventos literarios así como nos contidos educativos, de investigación, arquivo e préstamo bibliotecario, é un acto prohibido pola máis alta xerarquía normativa internacional e comunitaria e, a maiores, por suposto, unha flagrante vulneración das garantías constitucionais do noso propio Estado.

Ao respecto, a Constitución Española no seu artigo 14, incardinado no Capítulo II do Título I, que reserva para os seus contidos a máis alta protección e garantía a través de recursos xudiciais específicos, adicado aos dereitos e liberdades fundamentais, establece o dereito á igualdade e á non discriminación de todas as persoas, que considera iguais ante a lei, sen que poida en ningún caso prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, , relixión, opinión ou calquera outra ou social.

Alén da Constitución Española, a normativa estatal recolle de maneira ampla e específica as obrigas da administración pública e entidades privadas, así como os dereitos de todas as persoas a seren tratadas en condición de igualdade. O anterior non supón simplemente a esixencia dunha garantía formal tendente a proclamar a igualdade das persoas en xeral, senón a obriga legal de remover os obstáculos concretos así como os efectivos factores de desigualdade que, na deficiente redistribución dos recursos económicos e sociais, impidan a efectiva igualdade e integración na vida cultural de todas as persoas. Para conseguilo contamos con numerosas ferramentas legislativas como a vixente Lei 62/2003 de 30 de decembro de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, pola que o sistema legislativo traspón as Directivas 2000/43/CE e 2000/78/CE ao dereito estatal.

Esta Lei persegue a aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato e non discriminación atendendo de forma específica á cuestión da orientación sexual. Establécese así un marco legal xeral para combater a discriminación en todos os ámbitos, abórdase a definición legal de discriminación, directa e indirecta, e modernízase a regulación da igualdade de trato e da non discriminación no traballo. De especial importancia son as definicións legais contidas no artigo 28, que di:

*“Aos efectos deste capítulo entenderase por: a) Principio de igualdade de trato: a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón da orixe racial ou étnica, a relixión, as conviccións, a discapacidade, a idade ou a **orientación sexual** dunha persoa. b) Discriminación directa: cando unha persoa é tratada de maneira menos favorable que outra en situación análoga por razón da orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou **orientación sexual**. c) Discriminación indirecta: cando unha disposición legal ou reglamentaria, unha cláusula convencional ou contractual, un pacto individual ou unha decisión unilateral, aparentemente neutros, poidan ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por razón de orixe racial ou étnico, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou **orientación sexual**, sempre que obxectivamente non respondan a unha finalidade lexítima*

*e que os medios para a consecución desta finalidade non sexan adecuados e necesarios. d) Acoso: toda conduta non desexada relacionada coa orixe racial ou étnica, a relixión ou conviccións, a discapacidade, a idade ou a **orientación sexual** dunha persoa, que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade e crear un entorno intimidatorio, humillante ou ofensivo.”*

Así mesmo, establécese na Sección 3ª da Lei a posibilidade de manter e adoptar, pese á vixencia xeral do principio de igualdade de trato antes citado, medidas específicas a favor de determinados colectivos destinadas a prever ou compensar as desvantaxes que lles afecten, relativas ás materias incluídas no ámbito de aplicación de dita sección, adicada ao traballo. Engade, ademais, a norma unha importante ferramenta relacionada coa proba das anteriores condutas discriminatorias ou de acoso ante os tribunais, xa que prevé que a carga da proba, cando existan indicios fundados de discriminación, corresponda á parte demandada, que será a suposta responsable da conduta infractora. É en virtude desta norma que tamén se reforma o vixente Estatuto dos Traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1995 de 24 de marzo. En concreto, no seu artigo 4.2 c) e c), onde a partir da reforma garántese o dereito:

“c) A non ser discriminados directa ou indirectamente para o emprego, ou unha vez empregados, por razóns de sexo, estado civil, idade dentro dos límites marcados por esta lei, orixe racial ou étnica, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación ou non a un sindicato, así como por razón de lingua dentro do Estado español.”

“e) Ao respecto á súa intimidade e á consideración debida á súa dignidade, comprendida a protección fronte as ofensas verbais e físicas de natureza sexual e fronte ao acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.”

Outra ferramenta normativa fundamental é a Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, xa vimos que o feito de aprobar medidas específicas para remover os obstáculos que afectan a determinados colectivos, neste caso ás mulleres, non atenta contra o principio de igualdade, se ben en ningún caso estas medidas esgotan as obrigas tanto das administracións como das entidades privadas e demais axentes sociais, polo que respecta ao efectivo cumprimento deste principio. _____

Nesta norma, como dicíamos, establécese a efectiva igualdade de homes e mulleres en dignidade humana e en dereitos e deberes a través da eliminación da discriminación da muller, sexa cal fose a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e singularmente nas esferas políticas, civil, laboral, económica, social e .

Especial relevancia para o ámbito que nos ocupa, o mundo da escrita, ten o artigo 26 desta Lei, adicado á igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual. En concreto, entre outras, e polo que se refire aos distintos organismos, axencias e demais estruturas que de modo directo ou indirecto configuren o sistema de xestión cultural, como puidese ser por exemplo a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), a Lei impón a obriga de adoptar iniciativas destinadas a favorecer a promoción específica das mulleres na cultura e a combater a súa discriminación estrutural e/ou difusa, así como políticas activas de axudas á creación e produción artística e intelectual de autoría feminina, traducidas en incentivos económicos, con obxecto de crear as

condicións para que se produza unha efectiva igualdade de oportunidades e ademais promover a presenza equilibrada de mulleres e homes na oferta artística e cultural pública, cousa que á vista dos datos das últimas enquisas sobre a materia non acontece en Galicia, así como o respecto e garantía á representación equilibrada nos distintos órganos consultivos, científicos e de decisión existentes no organigrama artístico e cultural.

Cabe destacar outras ferramentas legislativas como o Real Decreto 902/2020 de 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes, aplicable ao ámbito das relacións laborais, pero que pode servir de guía tamén na efectiva igualdade retributiva en materia de dereitos de autoría aplicable aos anticipos que as editorais galegas ofrecen ás mulleres e outras persoas que se atopan fóra do espectro binario de xénero home/muller ou das identidades de xénero hexemónicas, sen esquecer as desigualdades que poden concorrer no só por cuestión de xénero, senón tamén de raza, clase social ou de convicción política ou ideolóxica.

Respecto ao ámbito normativo non podemos esquecer, aínda que non son materia deste informe, as recentes reformas e novidades legislativas en materia sexual como a Lei Orgánica 10/2022 de 6 de setembro, de Garantía Integral da Liberdade Sexual, e a inminente e agardada aprobación do Proxecto de Lei para a Igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, o que sen dúbida supón un importante avance social na garantía de dereitos fundamentais aínda sen recoñecer e cuxa conquista ten tamén unha fonda pegada na literatura utilizada como medio de expresión, denuncia e identificación de novas formas de violencia antes nunca contadas ou socialmente aceptadas.

Estes mesmos dereitos garántense tamén, como non podía ser doutro xeito, no ámbito autonómico galego, en concreto o artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece a necesaria promoción da igualdade efectiva entre as persoas, impón aos poderes públicos, neste caso á Xunta de Galicia, así como a todas as entidades públicas dependentes da mesma, ás administracións provinciais e entidades locais, a seguinte obriga competencial:

“Promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo (das persoas) e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos (e galegas) na vida política, económica, cultural e social»⁴

Faise indispensable destacar o feito de que aínda que o contido material da norma se orienta á efectiva garantía da igualdade de todas as persoas, sen embargo a linguaxe empregada para a súa efectiva garantía reproduce o modelo hexemónico, en todo caso discriminatorio, no que a marca de xénero masculina, xa sexa en singular ou en plural, imponse á representación de xénero diversa; o uso da linguaxe é tamén un acto público e privado sometido ás obrigas legais de igualdade efectiva e real.

Respecto da cuestión de xénero entendida desde un espectro amplo e inclusivo, como necesariamente debe facerse, en Galicia contamos desde o ano 2014 coa Lei 2/2014 de 14 de abril pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays,

4

As parénteses son nosas.

transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. O seu ámbito subxectivo de aplicación engloba todas as persoas físicas ou xurídicas, tanto no sector público coma no privado, e inclúe entidades e organismos públicos autonómicos e locais que se encontren, actúen ou residan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia da súa nacionalidade, residencia, domicilio ou veciñanza civil, e en consonancia co conxunto do ordenamento xurídico. O seu ámbito obxectivo, dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, comprenderá todos os ámbitos da vida política, social, económica, e familiar.

Particularmente nas seguintes refírese a norma ás seguintes áreas: a) Policial e da xustiza, b) Laboral, c) Familiar, d) Da saúde, e) Da educación, f) e do ocio, g) Do deporte, h) Da xuventude e i) Da comunicación.

Polo que respecta ás definicións que vimos tratando, a Lei 2/2014 establece no seu artigo 3 o que debemos entender por principio de igualdade de trato, isto é, a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón de e . Existirá discriminación directa, di, cando unha persoa sexa, for ou puiden ser tratada de xeito menos favorable que outra en situación análoga ou comparable por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero. Polo contrario, existirá discriminación indirecta cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

Este último punto é de singular importancia, así poderíamos deducir de maneira sinxela que un criterio aparentemente neutro, como non reservar unha cota de representación destas identidades de xénero protexidas pola lei, por razón da súa situación desfavorable, nunha convocatoria pública de subvencións, axudas, nun certame público ou privado ou na convocatoria de orixinais aberta por unha editorial podería ocasionar, de acordo coas condicións sociais, económicas e políticas actuais, unha efectiva e demostrable desvantaxe particular por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

Este tipo de medidas específicas enfocadas a garantir os dereitos e liberdades das persoas non heteronormativas en condicións de igualdade de trato coas demais identidades de xénero hexemónicas, en tanto que colectivo desfavorecido, ampáranse na reserva que o artigo 5 da Lei fai para as medidas singularizadas, mal chamadas comunmente como medidas de “discriminación positiva”.

Polo que respecta á relación entre liberdades, dereitos e educación, así como entre literatura e educación, materias absolutamente implicadas unhas coas outras, os artigos 22 e 23 da Lei 2/2014 din:

“A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei. Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.”

“A Administración educativa galega, en colaboración co departamento compe-

tente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.”

Do mesmo xeito e polo que respecta ao ámbito da cultura e do ocio, os artigos 27 e 28 da Lei 2/2014 din:

“Centro de documentación. O órgano competente da Comunidade Autónoma neste ámbito favorecerá a creación dunha sección específica na Biblioteca de Galicia sobre o feito LGTBI e en materia de orientación sexual e identidade de xénero.”

“Impulso a producións culturais. 1. A consellaría competente en materia de cultura impulsará e apoiará as producións culturais que inclúan a realidade LGTBI e potenciará referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade.”

Tendo en conta que a política pública cultural en Galicia está estreita, económica e materialmente vinculada, por non dicir sometida, aos valores que representa o programa cultural Xacobeo, no parece que a protección e garantía das persoas con identidades de xénero non heteronormativas teñan a cabida ou prioridade nos programas públicos culturais que legalmente se puidese esixir.

Polo que se refire ás disposicións legais en materia de igualdade efectiva entre homes e mulleres, en 2015 apróbbase en Galicia o Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febrero, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e que supón a ordenación e correcta sistematización das anteriores normativas, en concreto a Lei 7/2004 de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; a Lei 2/2007 de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e a Lei 7/2010 de 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007 de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, sen que se introduza nesta norma ningunha novidade destacable.

Tendo en conta as primeiras reflexións deste informe, así como as anteriores definicións e disposicións, poderíase afirmar sen ningún lugar a dúbidas que as prácticas, públicas e privadas, no ámbito literario en Galicia non reproducen, manteñen ou están afectadas por actos de discriminación directa e/ou indirecta das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais? Respecta o sistema literario en Galicia as concretas obrigas de garantía, remoción de obstáculos, acceso e promoción de todas as identidades de xénero así como os dereitos legalmente recoñecidos en materia de igualdade de trato entre persoas de diferente sexo, orientación ou identidade sexual? De non ser así, poderíase concluír que tanto as políticas públicas en materia de creación, produción e distribución literaria, como as prácticas comunitarias e mercantís no ámbito da creación e da edición estarían, polo que respecta á perspectiva de xénero, fóra da lei.